

ACTA ASAMBLEA ORDINARIA ANPA OS PAZOS

O luns 22 de outubro de 2018 no salón de actos do IES María Casares de Oleiros.

Asisten 18 persoas, 13 nais e pais, e 5 integrantes da Xunta directiva.

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta anterior
2. Informe do presidente
3. Presentación de contas
4. Ampliación da xunta directiva e renovación de cargos
5. Rogos e preguntas.

Nun primer momento preséntanse os novos componentes da directiva da ANPA

Punto 1.-

Lectura e aprobación da acta da assemblea anterior por unanimidade

Punto 2 .-

Informe da presidenta.

Explica que este ano se ofertaron como actividades extraescolares: inglés, técnicas de estudo e bádminton.

Explica que ao non haber este ano profesora para impartir técnicas de estudo, non se comenzo ca a actividade en outubro, habendo bastante país interesados nela estase buscar un profesor alternativo, se aparece algún, colgaranse na páxina webb as novas condicións: cando comenaría a actividade, día a impartir, importe, etc...

Explica que a actividade de bádminton non se leva a cabo por non haber socios interesados nela.

Inglés xa empezou en outubro con normalidade.

En relación á solicitude de axudas explica que saíron as do concello, pero que o ANPA non ve posibilidade de pedilas ; o motivo é que terían que ser actividades organizadas íntegramente polo ANPA e de carácter básicamente cultural. Solicita que se alguén ve algunha posibilidade de pedilas pode comentalo para estudalo.

Tamén explica que saíran máis adiante as da Deputación; Comenta que para acceder a elas necesitaríase a colaboración do instituto: por exemplo , se o instituto precisara de algo concreto para a realización das actividades docentes que se poda xustificar, como podría ser, material para o laboratorio, miraríase se entraría dentro dos supostos das subvencións. Pero coméntase que noutras assembleas pediuse a colaboración dalgún pai (profesor no centro) por se no seu departamento necesitaban algo que se poidera xustificar cara ás subvencións da deputación e nunca se tivo resposta.

A presidenta explica que a dirección pediu colaboración para arranxar un espazo onde podan comer os alumnos que se quedan algún mediodía por mor dos diversos clubs (de ciencias, de lectura, de stembach, olimpiada matemática...). Comenta que se pode propoñer á dirección comezar os trámites para organizar un comedor para todos os días como proxecto a longo prazo. Un pai di que pódese propoñer unha solución intermedia: un espazo onde quepan os alumnos (arredor de 70) habilitado con microondas e neveras para que o alumnado poda levar a súa comida. Outra pai pregunta por que non deixan no mesmo salón de actos da reunión que coman estes alumnos. O ANPA di que vai proponer o proxecto de comedor á dirección e seguramente antes pasarase unha enquisa para saber cantos pais de alumnos estarían dispostos a utilizalo (os pais presentes na reunión están dacordo).

A presidenta comenta que a dirección tamén expresou a idea de facer un novo salón de actos (se isto fora adiante o actual poderíase utilizar de comedor).

A presidenta explica que van ser eleccións ao Consello Escolar. Anima aos pais a presentarse e a votar.

A presidenta comenta que este ano non vai haber reunión de principio de curso cos tutores (con excepción dos primeiros), os pais non sabían nada. Coméntase que o ANPA fará un escrito á dirección comentando da conveniencia destas reunión e o malestar dos pais. Pídese a estos que calquera suxerencia a poñan por escrito, enviando un correo ao ANPA, á dirección do instituto ou un escrito ao buzón do ANPA.

A presidenta informa aos pais que tamén anulouse por agora a aula de convivencia que a dirección pensa retomar máis adiante con outra orientación. Unha nai comenta que a súa filla participou o ano pasado nas xornadas de formación para nenos acompañantes e que é una pena que o proxecto non se leva a cabo este ano.

Algún pai comenta o desigual reparto dos alumnados en 4º. Parece que hai aulas con 16 nenos e outras con 33, ninguén sabe o criterio deste reparto tan desigual.

Os pais comentan que os nenos tiveron que entregar 10 euros como fianza para as taquillas, e este importe parécelles excesivo, ademais de que deben conservar o resguardo ata final do curso (asunto que descoñecían) para ter dereito á devolución dos cartos.

A presidenta comenta que o instituto está interesado en facer a English Week pero necesitan algún contacto.

A presidenta comenta que a dirección está interesada en que o ANPA axude a organizar charlas (tanto para os alumnos como para pais e nais) sobre distintos temas no instituto:

Drogas, redes sociais, relacións sexuais e afectivas, etc...O ANPA xa se puxo en contacto coa Garda Civil de Oleiros e esta co instituto e xa impartiron nos primeiros da ESO algunha charla sobre redes sociais. Unha nai di que ela pode poñerse en contacto cunha persoa que xa deu charlas sobre relacións, vai falar con ela e despois nos informará.

Punto 3 .-

Aprobación de contas.

A tesoreira explica o distintos conceptos nos apuntes de gastos e ingresos. En resumo:

a 1 de Xuño de 2018 a conta tiña 6.082,63 €

de gastos tivemos:

- sillas festa 25 aniversario: 130,68 €

-factura actividades inglés: 195 €

- mantemento dixital: 48,4 €

- mantemento:24 €

- gastos administrativos. 20 €

- gastos de trasferencias: 4,76 €

- devolución un pago incorrecto:210 €

De ingresos:

- novas cuotas (ingresos que se fixeron coa matrícula en Xuño):1.550 €

-pago incorrecto:210 €

-pago técnicas de estudo: 240 €

SALDO ACTUAL: 7.449,79 €

Comenta a tesourera que quedan pendentes de liquidar:

- a excursión a casa do Queixo de primero da ESO.

-varias devolucións da actividades de técnicas de estudo

- a donación para pagar unhas cúpulas que solita o club de ciencia (40 €)

Aprobáanse as contas por unanimidad.

Punto 4 .-

Amplificación da xunta directiva

A presidenta expón que a actual xunta directiva saíu na última assemblea ordinaria, un pouco obrigados coa ameaza de que senón o instituto quedaba sen ANPA. Os seus membros non son suficientes e solicita colaboración de país e nais. Preséntanse como novos vocais: Isabel Cuesta Rivas y Mónica Caamaño Fernández.

Punto 5 .-

En rogos e preguntas, non houbo máis comentarios

Levántase a sesión

En OLEIROS , a 22 de octubre de 2018

Visto e prace

A Secretaria

A Presidenta

Asdo.: Mónica P. López Candamio

Asdo.: Alexandra Weyer